

Boas familia!

Xa non queda nada para rematar o curso!

Esta semana propoñovos só 3 actividades. Non hai fichas impresas xa que aínda tedes o traballo das sementes da semana anterior e os nen@s xa van cansad@s.

A semana que ven rematan as clases e non vou mandar máis actividades, xa que os últimos días no cole sempre os aproveitábase para xogar fóra, facer unha pequena festa,... e esa é a miña proposta, que saíades a xogar ao aire libre e fagades unha pequena festa-merendola en familia para celebrar o remate das tarefas escolares. E, se lles apetece, poden seguir xogando cos materiais que fomos elaborando esta temporada (os vasiños, os tubos e as flores, os puzzles ou o tangram).

Aproveito para informar que non vou realizar máis videochamadas de xeito rutinario, pero se algún nen@ quere falar comigo pode facelo sen problema pola aplicación hangouts.

Un saúdo e feliz semana.

ACTIVIDADE 1: CARACOL BAILONGO

Esta semana propoño a manualidade do caracol bailongo para seguir practicando o manexo das tesoiras.

Necesitamos:


- cores (ceras, rotus, pintura de dedos,...)
- tesoiras
- pegamento

Pasos:


- colorear as pezas ao gusto e debuxar unha espiral no círculo pequeno.
- recortar as pezas do modelo
- dobrar o círculo grande pola metade.
- pegar o círculo pequeno cara a parte de atrás.
- pegar os ollos nos cornos e pegalos ao corpo.
- tocarlle para poñelo a bailar.




CORPO




CUNCHA








CORNOS








OLLOS



ACTIVIDADE 2: PUZZLES SILÁBICOS






ACTIVIDADE 3: EXPERIMENTO BARCO A PROPULSIÓN

Necesitamos:

- goma eva (trozo de plástico ou badexa de porexpan)
- tesoiras
- lápiz
- recipiente alargado
- bastoncillo
- xabón de lavar a louza
- auga


Pasos:

1.- Debuxar un barco en forma de flecha na goma eva e facerlle un burato na parte traseira como se ve no modelo.



2.- Recortalo e poñelo nun recipiente con auga.

3.- Poñer xabón nun bastoncillo e tocar o burato do barco co xabón.



¡¡¡verás como o barco avanza sen motor nin vela!!!

4.- Ahora que viches como funciona podes crear os teus propios deseños e probar que forma e que tamaño funcionan mellor.

Por que sucede esto?

As moléculas da auga atraéense entre si con bastante forza e esto impide que o barco se mova.

O xabón serve para reducir a forza coa que as moléculas se atraen.

Se poñemos xabón no recipiente, todas as moléculas perden forza e o barco non avanza; pero se solo o poñemos na parte traseira do barco, as moléculas da parte posterior perderán forza e as dianteiras seguirán sendo fortes, e esa diferenza de forzas será a que permita ao barco desplazarse.

